


Alberto González-Garcés, biólogo mariño e escritor: «Vivimos mergullados en poesía, está no día a día, no cotián»

C. DEVESA A CORUÑA / LA VOZ



Alberto González-Garcés presenta su libro en A Coruña **Oscar Vázquez**

O exdirector do Oceanográfico de Vigo presenta a súa primeira obra «Alta mar, mar aberta», na que reflexiona sobre a vida e a familia

04 out 2023

Alberto González-Garcés Santiso (A Coruña. 1950), doutor en Bioloxía Mariña, presenta este mércores, ás 19.00 horas na biblioteca que leva o nome do seu pai, o poeta Miguel González Garcés, o seu primeiro libro Alta mar, mar aberta .O exdirector del Centro Oceanográfico de Vigo e

expresidente do Comité Científico, Económico e Social da Unión Europea fala da familia, do mar e da visión do mundo no borde do camiño.

—A idea de escribir poesía está motivada pola figura do seu pai?

—Claro, é evidente. Veño dunha familia de poetas cunha referencia clara, meu pai. Vivindo e falando con el e tendo esa experiencia vital, é obvio que queda aí un pozo que máis tarde que cedo, porque xa teño os meus anos, aflorou. Falando coa xente, moitos me din que non lles gusta a poesía, que é difícil de ler, pero eu dígolle a todo o mundo que é ao revés. Vivimos mergullados na poesía, está no cotián. Falta expresalo dun xeito adecuado.

—Como xurdiu a obra?

—Aproveitando a miña xubilación e na pandemia descubrín algo novo que era o tempo libre. De repente podía sentarme fronte a miña xanela a pensar e escribir, e comecei a escribir poesía. Non tiña intención de escribir un libro, non comecei con esa idea, senón polo impulso e ganas. Logo, vin que tiña xa 15, 20 ou 30 capítulos, e dixeron, con pouco máis xa é un libro e así foi.

—É unha autobiografía?

—Non necesariamente, pero si falo das miñas experiencias e da miña visión do mundo. Conto cousas que non as vivín directamente, pero que as imaxino dentro do meu mundo e modo de ver.

—Que lle motivou a escribir?

—Ter tempo para reflexionar sobre a vida, a familia, as vivencias, sobre o pasado e o futuro.

—Está dividido en tres partes.

—Si, foron xurdindo así. Entón, logo xuntei os poemas dos mesmos temas en tres apartados.

—O mar está moi presente, que significa para vostede?

—Ten dous significados. Nacín vendo o mar, en Linares Rivas. A min non me trouxo unha cegoña, senón un barco. Paseo continuamente polas ribeiras mariñas, pero por outro lado, como biólogo e investigador, embarquei en pesqueiros e sempre sentín un enorme respecto polo mar. Recoñezo a súa enorme beleza, pero tamén a súa forza brutal. En Galicia sabemos ben iso.

—Reflexiona sobre a morte.

—Si, falo das vivencias de todos os días. Como seres humanos, desfrutamos do pasado, do presente e tamén organizando o futuro, pero sabemos que todo ser vivo ten data de caducidade e reflexionamos sobre iso. Eu penso que é un libro optimista.

—Que se vai atopar o lector?

—Gustaríame que se atopase a si mesmo. Se conseguira que fose certo iso de que alguén lea o meu libro se senta reflectido, para min sería a máxima satisfacción.